

ACTA XUNTANZA CONSELLO CAMPUS PONTEVEDRA

Lugar: Sala de conferencias da vicerreitoría do campus de Pontevedra e Campus Remoto da Uvigo: Sala 15 de Reitoría (Vice. Campus PO)

Data: 18 de marzo de 2021

Hora de comezo: 11:30 h

Hora de remate: 13:00 h

Asistentes: Manuel Joaquín Reigosa Roger, Jorge Soto Carballo, Ana Belén Fernández Souto, Lucrecia M^a López Rubianes, Purificación Marcet Miramontes, Carlos Mollinedo Lois, Emma Torres Romay, Vicente Romo Pérez, Alejandro Virgós Soto, Sara M^a Torres Outón, Juan Picos Martín e Marcos Dopico Castro. Tamén intervén o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos Cabrera e o decano comisario da futura Facultade de Dirección e Xestión Pública, Enrique José Varela Álvarez.

Excusan asistencia: Eva M^a Lantarón Caeiro, e Álvaro Xosé López Mira.

1. Aprobación da acta da sesión anterior

Apróbase por asentimiento.

2. Informe do Presidente

Comeza o reitor a súa intervención indicando que o futuro grao en Deseño e Creación se atopa nestes intres no proceso de avaliación previo a súa implantación. Sinala que a súa previsión é que estea aprobada en breve aínda que reconece que será difícil que a tramitación por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) chegue a tempo para que poida porse en funcionamento no vindeiro curso. É posible, polo tanto que quede para o curso 2022/2023, reconece o reitor, e sinala que por parte da Uvigo está todo preparado para que se poida implantar no curso 2021/2022 e califica a esta titulación como irrenunciable para o Campus Crea.

Continúa o reitor expoñendo as xestións para a creación dunha futura Facultade de Enfermaría, na que se integrarían as actuais escolas universitarias, de Pontevedra, Ourense e Vigo dependentes de institucións públicas. O señor Reigosa indica que neste sentido a UVigo ten un preacordo coa Deputación de Pontevedra e que conta ter un acordo tamén coa Consellería de Sanidade e coa Consellería de Educación. Indica que se trataría dunha única facultade con tres sedes e unha dirección común e conclúe que para Uvigo o importante é que o alumnado das escolas de enfermaría sexa alumnado da UVigo a todos os efectos.

No seu informe, o reitor referiuse tamén á xuntanza que o pasado luns mantivo co alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, respecto do convenio que Universidade e Concello asinarán proximamente e que implicará, por unha banda, a cesión da parcela na que a administración local prevé instalar un skate-park, e, por outra, a realización por parte do Concello "dun estudo da remodelación do campus". O propósito desta acción, sinalou, é tratar de "estender o modelo de cidade no campus", e promover, en función do que ditamine este estudo, accións que contribúan a facer "máis amigable" o espazo exterior ás diferentes facultades.

Reigosa anunciou tamén que "en breve" inicianse os traballos para a construción dun "ximnasio tecnificado" na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, unha instalación que se destinará tanto a cuestións de docencia como de investigación.

O reitor fixo tamén balance das medidas de prevención da Covid-19 implantadas na institución académica e da incidencia da pandemia na comunidade universitaria.

Remata a súa intervención o reitor referíndose á conmemoración do 30 aniversario da Facultade de Belas Artes, á que o Centro Galego de Arte Contemporánea dedica unha exposición, "que amosa o moito talento que saíu da facultade".

3. Informe do vicerreitor do campus de Pontevedra

Toma a palabra o vicerreitor do campus de Pontevedra para detallar as accións levadas a cabo, desde o último Consello de Campus:

1. Reparación e posta en funcionamento do circuíto de cámaras de vídeo vixilancia do campus. Tras a solicitude e recepción do informe da empresa de seguridade do campus (Prosegur) sobre o estado e funcionamento das cámaras, detectouse que varias delas non funcionaban, e que outras estaban bloqueadas, reducindo o ángulo de visión. Logo deste informe procedeuse á solicitude de orzamentos e reparación das mesmas. Na actualidade están todas funcionando excepto unha situada na terraza da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, pendente de que a empresa solucione un problema de cableado e programación da cámara.
2. Elaboración de convenio coa CIMA, co obxectivo de afrontar de forma conxunta a redución da contaminación acústica xerada pola estrada da Avda. de Compostela. Mantivéronse varias reunións coa CIMA co obxectivo de elaborar un convenio marco de colaboración a partir do cal se desenvolvan diferentes vías de actuación coa madeira, entre elas a instalación dunha pantalla acústica na zona perimetral do campus. Na actualidade o documento está a ser revisado pola Escola de Enxeñaría Forestal, pendente do informe.
3. Instalación dun parque de exercicio físico de calistenia no campus de Pontevedra. No último mes procedeuse a instalar un parque de calistenia en madeira nas inmediacións da Facultade de Fisioterapia e próximo ao viario perimetral do campus. Ten pendente a instalación da iluminación que se executará no próximo mes.
4. Avaliación e diagnose do estado do alumeadado público do campus e notificación da situación ao concello de Pontevedra. No mes de xaneiro elaborouse un informe do estado deficitario da iluminación pública do campus, no cal se amosaba que 18 farois non funcionaban, o cal foi notificado por escrito ao concello de Pontevedra. Á espera da súa contestación, elaboramos unha proposta de intervención na cal se recolle a incorporación de lámpadas de led nos farois perimetrais aos edificios do campus e reparación con halóxenos a situación nas beirarrúas opostas.
5. Reparación e coordinación de acceso da iluminación perimetral dos edificios. Detectado que a iluminación perimetral aos centros e xestionado por eles funcionaba cun horario independente, procedeuse a unificar a programación para que o horario de acceso e apagado sexa homoxéneo en todos os centros. É importante que o servizo de conxexaría non manipule os devanditos dispositivos para que non existan desaxustes horarios.
6. Instalación e posta en funcionamento dunha marquesiña no viario central do campus. Procedeuse a instalar no viario central do campus unha marquesiña con iluminación, conexión de recarga de móbiles así como o pintado e sinalización da devandita parada, co obxecto que o autobús que traslada a membros da comunidade universitaria teña un espazo fixo e seguro para deixar e recoller ás persoas usuarias.
7. Reunión con todos os equipos directivos dos centros para análises e planificación de actuacións a levar a cabo no ano 2021. Durante a primeira semana de febreiro realizouse unha reunión virtual para coñecer as demandas dos diferentes centros en materia de infraestruturas e así poder planificar as actuacións a levar a cabo. Na actualidade a Unidade Técnica do Campus de Pontevedra, está a traballar niso e xa se puxeron en marcha diferentes actuacións.
8. Visita á Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, para análise das diferentes propostas de intervención propostas pola dirección do centro. Comenta o vicerreitor que na última semana de febreiro realizou en persoa unha visita a este centro co fin de ver in situ as posibles accións demandas, como é o prató de cinema, división do salón de actos, creación de novos espazos para despachos, etc. Na actualidade, está a traballarse en varias propostas de intervención que serán presentadas ao equipo directivo do centro e será a xunta de facultade que determine cal é opción máis adecuada.
9. Diagnose do estado do terreo e proposta de peche perimetral da zona da aula ambiental. Iniciáronse os trámites para o peche da parte posterior da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Este peche está previsto realizalo con madeira tratada para exterior. Na actualidade solicitouse o pertinente permiso ao Servizo de Costas e estamos pendente da resolución para

acometer a obra indicada.

10. Estudo e análise de propostas para reducir a velocidade no campus, sobre todo no viario entre a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte e a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Detectouse que en determinados viarios, a velocidade de desprazamento dos vehículos non é a axeitada e que os sinais horizontais e verticais non son respectados, está a estudarse a posibilidade de incorporar na calzada implementos que reduzan a velocidade.

11. Pintado e reestruturación de prazas de parking na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Debido a que as obras da planta de Biomasa, provocaron unha deterioración de varias prazas de parking nas inmediacións da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, procedeuse ao pintado das mesmas, xerando un espazo de carga e descarga próximo á porta nova, praza de ambulancia e prazas para motos. Sería convinte, por parte do equipo directivo, que lle indicase aos diferentes transportistas onde é a zona de carga e descarga, para evitar que os vehículos estacionen encima da beirarrúa diante da fachada principal do edificio.

12. Proba Piloto da planta de Biomasa. Hoxe porase en funcionamento. A segunda semana de marzo, se procedió a realizar unha proba piloto de funcionamento da planta e en breve estará a funcionar.

13. Funcionamento do Pantalán. O pantalán está totalmente operativo, e está a ter un alto uso por parte da comunidade universitaria.

14. Procedeuse a recepcionar o espazo que estaba ocupado pola oficina do Banco Santander na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, sendo entregadas as chaves á decana do citado centro para que xestione o espazo segundo as necesidades.

15. Recepción de despacho para asuntos sindicais para o membro de PAS, Carlos Mollinedo

O vicerreitor remata o apartado de infraestruturas e continúa cun segundo bloque adicado as actividades realizadas pola área de dinamización cultural, educativa e integración.

1. Renovación do contrato coa rede “DOCS do mes”, que nos permite acoller as mellores estreas de cine documental ao longo de todo ano. As proxecións xa feitas corresponden a *Lo que no te mata...* (xaneiro), *Advocate* (febreiro) e *The Letter* (marzo). Todas elas tiveron lugar na sede da vicerreitoría do campus de Pontevedra e a través da Rede.

2. Exposición Educación en feminino: un paseo pola historia na vicerreitoría do campus de Pontevedra, que reúne unha serie de pósteres elaborados polo alumnado da materia Teoría e historia da educación escolar da Facultade de Formación do Profesorado da Universidade de Santiago de Compostela. Nelas faise un achegamento a 32 educadoras de todos os tempos e xeografías, que desde a escola pularon por innovacións no ámbito das metodoloxías, recursos, consideración do alumnado cuxo eco se deixou sentir no conxunto da sociedade. A exposición pode visitarse do 18 de febreiro ao 26 de marzo.

3. Celebración do Día de Rosalía de Castro (24 febreiro). No acto interviron a escritora e investigadora María Reimóndez, que presentou o relatorio “Aquí e agora”, Susana Blanco, que interpretou musicalmente composicións relacionadas coa produción rosaliana, e Zeltia Pino, que leu o manifesto da AELG para esta efeméride. O acto tivo lugar na vicerreitoría do campus de Pontevedra e tamén se puido seguir a través do Campus Remoto. Para exteriorizar esta celebración tamén se colgou un bandeira extensible coa imaxe de Rosalía da fachada do edificio da vicerreitoría do campus, que estivo iluminado durante unha semana.

4. Presentación Cadernos FicBueu#1: A nouvelle vague a través das súas curtametraxes. Intervención de Severiano Casalderrey e proxeción de *Les veuves de 15 ans* (1965), de Jean Rouch. Esta actividade realizouse na vicerreitoría do campus de Pontevedra o 4 de marzo.

5. Sinatura do convenio de colaboración coa Semana Galega de Filosofía, que xirará ao redor da temática Filosofía e civilización dixital. Este evento promóveo a Aula de Filosofía Castelao e desenvolverase do 5 ao 9 de abril de xeito presencial e virtual.

6. Exposición al cantar brilla que acolle a Sala X (Facultade de Belas Artes) do 5 de marzo ao 27 de abril. Nela inclúense traballos de cerámica, pintura e debuxo de catro egresados da Facultade de Belas Artes: Teresa Pece (responsable do proxecto expositivo), Borja Guerrero, Aram Ríos e Andrea Rosob.

7. Renovación do mantemento da Aula Permanente de Música Tradicional, dirixida por Suso Vaamonde e orientada a iniciarse ou mellorar no dominio de diferentes instrumentos populares galegos. Por mor da COVID-19, desenvólvese de xeito virtual.
 8. Mantemento do ciclo Conversas Uvigo que, a causa do contexto actual, se está a realizar sen público nas instalacións do Diario de Pontevedra.
 9. Resolución dos Obradoiros de Extensión Universitaria (2º cuadrimestre, curso 2020-2021). Concedéronse 8 solicitudes, das cales 5 estanse levando a cabo.
 10. Resolución dunha Bolsa de formación na vicerreitoría do campus de Pontevedra para o curso 2020-2021, que estará vinculada coa Área de Dinamización Cultural, Educativa e Integración. Remata este apartado cultural o vicerreitor indicando as accións que están en proxecto:
 11. Xestións para a presentación do libro-disco Saudades de alborada. Intervirán Javier Jurado (editor), Loli Crespo (soprano) e Alejo Amodeo (catedrático de Historia da música e especialista en Soutullo).
 12. Colaboración co concello de Pontevedra na organización do III Congreso Internacional de Mediación Lectora “Emerxencia literaria: Libros para salvar o planeta”, que terá lugar no marco do Salón do Libro de Pontevedra.
 13. Organización do acto do Día das Letras Galegas dedicado á escritora Xela Arias. Intervirá a investigadora María Xesús Nogueira e promoverase un premio, desde o cal se anime o alumnado universitario a recrear a obra de Arias desde diferentes propostas (textuais, fotográficas, pictóricas...).
 14. Estudo da posta en marcha da “Aula de teatro do Campus de Pontevedra”. Desde este espazo alentarase a formación teatral entre o alumnado universitario e persoas interesadas neste ámbito, así como a participación no ciclo MITEU. Contactouse con Teatro de Ningures.
 15. Estudo da implementación dun “Espazo creativo”, que inclúa accións de formación e intercambio de experiencias vinculadas coa inspiración, creación e innovación e orientadas á ilustración, cómic, arte, edición, novas expresións, STEM... Desde este espazo tamén se intentaría acoller residencias de persoas de referencia e a participación de alumnado egresado para que sexan estímulo entre o alumnado universitario. Contactouse con diferentes especialistas nestas materias.
 16. Estudo da posta en marcha da iniciativa “Entreliñas”, que incluíría un encontro permanente para compartir lecturas e experiencias relacionadas co ámbito da escrita. Contactouse con especialistas nestas cuestións.
 17. Estudo para a creación dun encontro que sexa punto de debate, análise e difusión de cuestións e temáticas vinculadas co campus de Pontevedra e/ou a cidade de Pontevedra. Contactouse con Ramón Rozas.
 18. Acondicionamento da Sala X e revisión do seu funcionamento. Estase a traballar nunha mellora física deste espazo e na incorporación de materiais móbiles que permitan dotala doutras funcións.
 19. Participación no deseño de actividades culturais, de investigación, formación e educación que se contemplan no convenio de colaboración a asinar co concello de Pontevedra.
 20. Contactos coas Delegacións de estudantado das diferentes facultades do campus de Pontevedra para coñecer as súas demandas no ámbito da cultura e educación e así darlle resposta desde a programación que se lance desde a vicerreitoría do Campus.
 21. Establecemento de contacto con Paula Cabaleiro (directora da área de Cultura da Deputación de Pontevedra), Jacobo Sutil (director do AGADIC) e Ana Isabel Vázquez (directora da Cidade da Cultura), co propósito de establecer liñas de colaboración que nos permitan realizar actividades conxuntas que impulsen o campus de Pontevedra e tamén teñan a súa incidencia na cidade de Pontevedra e na súa contorna.
- Remata a súa intervención o vicerreitor cun terceiro bloque das actividades correspondentes á Área Campus Crea e Green Campus.

1. Deseño e presentación de actividades a desenvolver no marco do convenio co concello de Pontevedra. O convenio pretende abordar o desenvolvemento de diferentes actividades de interese tanto para o campus de Pontevedra como do propio concello da cidade, e establecer así unha relación máis estreita entre ambas as entidades.
2. Deseño, presentación e aprobación de actividades a desenvolver no marco da colaboración

co Consello Social da UVigo. O Consello Social aprobou o financiamento de varias actuacións propostas por esta vicerreitoría, encamiñadas ao crecemento do campus CREA e a súa difusión entre a comunidade universitaria, social e empresarial.

3. Elaboración dun catálogo de Servizos do Campus Crea en colaboración coa empresa InovaLabs, co obxectivo de crear unha ferramenta de consulta para calquera interesado no que ocorre no campus de Pontevedra. Pretende ofrecer información relevante a todos os sectores da poboación, como alumnado, investigadores, persoal de administración e servizos, poboación en xeral, empresas, entidades sociais, etc.

4. Reunión co Comité de Asesores do Campus Crea para facer programación de primeiro semestre. No marco das reunións periódicas que mantemos con este comité abordáronse diferentes aspectos da xestión universitaria no campus e prestouse especial atención a eventos que se desenvolverán en breve, como a Semana da Creatividade.

5. Campaña de difusión da revista International Multidisciplinary Journal Crea (call for papers). Fíxose un chamamento a todo o persoal investigador do campus de Pontevedra, e pretendemos facelo extensivo a outros investigadores doutros campus (tamén no estranxeiro) para dotar de bos artigos científicos á revista.

6. Elaboración e difusión do Boletín de convocatorias de proxectos (europeos, nacionais e autonómicos). Seguindo co ritmo habitual, difundimos un boletín mensual coas convocatorias de proxectos máis relevantes, e prestando especial atención a aquelas que poderían resultar de máis interese para os grupos de investigación do campus de Pontevedra.

7. Preparación e posible publicación da convocatoria dos Premios Campus CREA-Creatividade e Innovación (financiados polo Consello Social). Con iso preténdese dar un impulso á Creatividade e a innovación no campus mediante a participación do alumnado no desenvolvemento de obras colaborativas interdisciplinares.

8. En decembro de 2020 desenvolvéronse as II Xornadas de Investigación CREA, coa participación de case unha vintena de mozos investigadores do campus de Pontevedra, que elaboraron pósteres científicos e defenderon as súas investigacións ante o público presente na actividade.

9. Participación do campus CREA con AJE na convocatoria da rede EUSUMO para a realización de actividades de promoción e formación en economía social.

10. Elaboración de informe da XIII Recollida de RAEEs no campus de Pontevedra. Un informe exhaustivo sobre os residuos recolleitos na última campaña.

11. Elaboración de caixas niño e colocación no campus. Aproveitando a posibilidade de actividade presencial na universidade elaboráronse as caixas niño e colocáronse en diferentes árbores do campus para servir de refuxio e lugar de reprodución ás aves de pequeno tamaño que poidan vivir na contorna.

12. Publicación da páxina web do grupo de consumo responsable Campus de Pontevedra, apoiado desde o vicerreitorado do campus de Pontevedra. Este grupo, que leva funcionando desde fai uns poucos meses, pretende aumentar a participación da comunidade universitaria. Para iso publicou xa a súa páxina web e está a preparar unha campaña de difusión para darse a coñecer e concienciar a máis poboación universitaria.

13. Reunión con asociación Amigos dá Terra para preparación da Horta Ecolóxica e Aula Ambiental. Este grupo xa ten experiencia na xestión de hortas ecolóxicas e escolares e participará na preparación da horta e aula mediambiental do campus de Pontevedra, como parte do programa internacional Green Campus.

14. Proposta de participación en actividade CicloGreen. Á espera do informe da asesoría xurídica, esperamos poder participar nesta iniciativa que promove a mobilidade sustentable. Trátase de facer un seguimento dos quilómetros feitos a pé e en bicicleta polos os membros da comunidade universitaria que participen na proposta, e comparalo con outras universidades de España, fomentando así os hábitos sustentables en canto a mobilidade.

15. Seguimento das actividades definidas no Plan de Acción do programa Green Campus. Seguimos facendo un seguimento dos compromisos adquiridos no último Plan de Acción.

16. Presentación da persoa bolseira Green Campus para o presente curso, que desenvolverá actividades relacionadas co Green Campus ata xullo de 2021.

17. Invitación a todos os Institutos de Pontevedra, Marín e Poio para participar na actividade Roteiro do Arboreto do campus de Pontevedra. Do mesmo xeito que nos dous anos anteriores, convidamos os institutos a participar nesta actividade, que permite coñecer o arboreto do campus e desenvolver tarefas de educación ambiental. En 2020 non se puido levar a cabo pola pandemia, aínda que xa se anotaron máis de 20 grupos de estudantes de educación secundaria de Pontevedra e a súa contorna. Este ano xa se anotaron algúns grupos, aínda que outros decidiron non sumarse á iniciativa pola situación que estamos a vivir.

4. Intervención do vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado centrou o seu informe no inicio da negociación do novo mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia. “Por agora, estamos definindo o marco. Non hai aínda discusión sobre titulacións concretas”, salientou Ramos, que presentou unha análise da situación xeral do campus, “en base a que poder definir un pouco as necesidades”. Neste aspecto, o vicerreitor puxo énfase na “boa situación” do campus pontevedrés no referido ao interese que espertan as súas titulacións, “para as que hai moita máis demanda de alumnado que oferta, co cal temos marxe para un certo crecemento”.

O vicerreitor mediante gráficas presentou unha por unha a evolución da demanda en primeira opción (comparativa dentro do SUG), de todas as titulacións que se imparten no campus de Pontevedra así como por cada un dos centros do campus. Remata cos datos referidos aos centros propios dos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra.

5. Rogos e preguntas

Non hai.

En sen máis asuntos que tratar remata a sesión na hora arriba indicada